

Institucións no campo cultural: vellos estudos, novas propostas

PAULA FERNÁNDEZ SEOANE

Grupo Galabra, Universidade de Santiago de Compostela

Resumo:

Nesta comunicación presentamos os resultados dunha revisión do estudo de que foron obxecto as institucións que actúan nos campos culturais en Galicia no século XVIII, centrada na detección dos principais elementos e ideas que operaron na construción do coñecemento a respecto delas. Emprender esta análise implicou interrogarse acerca de cal era o tipo de institución enfocada e por que; cal o tipo de estudos de que estas entidades eran obxecto; cal o lugar e significación que a súa análise ocupaba no conxunto da investigación sobre o período; e cal a función que ese estudo cumpría na elaboración do discurso respecto da Ilustración galega/ da Ilustración en Galicia. A partir da identificación (e, eventualmente, da subversión) dos elementos que subxacen á construción do saber a respecto deste asunto, propoñemos o deseño dalgunhas vías metodolóxicas alternativas, cuxa aplicación pode contribuír a elucidar aqueles aspectos que a anterior proposta deixaba desatendidos ou insatisfactoriamente explicados.

Palabras clave: Institución, campos culturais, Ilustración, función institucional.

Abstract:

This paper presents the results of a review of the studies devoted to institutions working in the cultural field in the 18th century in Galicia, focusing on key elements and ideas that determine the construction of knowledge. Such an analysis must address some significant questions, regarding the type of the institutions selected and focused on, the level of research on the chosen institutions, the role and meaning of these studies for the period under research, and their role in the construction of a discourse on the Enlightenment in Galicia. By identifying the key elements determining the construction of knowledge on this issue, we will try to design some alternative methodological ways, what may help to elucidate issues neglected by previous proposals or which have yet not been explained in a satisfactory way.

Key words: Institution, cultural fields, Enlightenment, institutional role.

Esta comunicación, integrada nun panel e nun proxecto cuxo obxectivo é contribuír á mellora do coñecemento dos campos culturais en Galicia no século XVIII, enfoca de forma particular o estudo dun dos seus elementos integradores e actuantes: as institucións¹. De acordo con este propósito xeral, deseñamos unha abordaxe estruturada en fases sucesivas, cuxos resultados constitúen as dúas partes en que se articula o relatorio:

1) Nunha primeira parte, presentamos a revisión a que sometemos o estudo de que foron obxecto as institucións que actúan nos campos culturais dese período². Centramos este exame de forma particular na identificación dalgúns dos principais elementos e ideas que operaron na construción do saber a respecto do asunto.

2) Da análise do proceso de fabricación do coñecemento sobre as institucións derivase unha detección dos déficits e distorsións en que se incorre na abordaxe do seu estudo. Isto é o que nos permite, na segunda parte desta comunicación, empezar a deseñar de forma sintética algunhas vías metodolóxicas alternativas en que sustentar un novo tipo de análise que supere e complete as limitacións da proposta historiográfica anterior, contribuíndo a elucidar certos aspectos que ficaban desatendidos ou insatisfactoriamente explicados.

I. ESTADO DA CUESTIÓN

I.1. Elementos que mediatizan a construción do coñecemento

A revisión do discurso da historiografía a respecto das institucións culturais do século XVIII galego permite individualizar unha serie de elementos que funcionan como eixes vertebradores na elaboración conceptual do período³:

a) En primeiro lugar, detéctase que á análise que se practica subxace unha idea concreta de Ilustración que está funcionando como elemento delimitador do propio espazo cultural.

¹ O texto deste relatorio constitúe unha presentación esquemática das primeiras hipóteses vertebradoras dunha pesquisa en desenvolvemento, cuxas conclusións máis sólidas verán a luz nun artigo de próxima aparición.

² Particularmente, enfocamos a última metade do século XVIII e o momento da viraxe ou transición cara ao XIX.

³ As reflexións que aquí se esquematizan resultan do exame dun conxunto de obras historiográficas entre as que foron atendidas de modo preferente aquelas que vehiculan un tipo de discurso de carácter máis divulgativo. Consecuentemente, entre os elementos que consideramos que interveñen na construción do coñecemento que ese volume bibliográfico proxecta, destacaremos aquí aqueles que non se relacionan co peso de determinados patróns teórico-metodolóxicos subxacentes aos estudos de perfil máis académico. En efecto, aínda que neste breve traballo non profundemos nese aspecto, a influencia de modos de traballar en historiografía (referímonos, particularmente, á influencia da escola francesa dos *Annales*) implicou tamén un modo de estudo moi determinado da cultura do período, condicionando o tipo de obxectos enfocados (os susceptibles de seren apreñidos a través de fontes documentais seriais: estudo dos inventarios e catálogos de bibliotecas, estudo das mentalidades a través de testamentos e inventarios *post mortem*, etc.) e o modo de estudalos (estudos de carácter local, estatístico,...).

Noutras palabras, o que se produce é unha identificación (non conceptual, pero si *de facto*) de *cultura* con *cultura adscrita ao ideario ilustrado*, o que conduce a un silenciamento ou relegación altamente distorsionadora de todas aquelas ideas, axentes, institucións e procesos que non resultan asociados co modelo cultural *ilustrado* que se manexa. A ausencia desa *Ilustración* que se procura frecuentemente é postulada como un índice da infecundidade cultural do período.

b) Para a delimitación destes elementos e institucións *ilustrados*, entendidos como os únicos constitutivos (ou verdadeiramente significativos) dos campos culturais, opérase cun concepto de *Ilustración* moi determinado, construído en grande medida pola historiografía que revisa o caso español. En último termo, ese concepto é debedor tamén do modelo de *Ilustración* francés, que se revela transversal e subxacente á abordaxe de todos os casos nacionais, en grande medida analizados e descritos na súa especificidade polas diverxencias que poidan presentar a respecto desa idea paradigmática da cultura e do pensamento setecentistas. Pero operar con un ou varios casos referenciais para establecer paralelismos pode implicar en ocasións, non a práctica dunha análise vertebrada a través dun método comparatista, senón a incorrencia nunha avaliación local do fenómeno ilustrado, improcedente para o estudo por estar concibida en termos ponderativos de éxito ou fracaso.

Concepto de Ilustración subxacente. Implicacións

O modelo concreto de *Ilustración* manexado pola historiografía caracterízase por unha serie de trazos que, a través da súa proxección no estudo, acaban por determinar a construción do discurso sobre o período (e a acotación de entidades concibidas como institucións culturais) en varios sentidos.

a) O peso do modelo de análise do caso español, que subxace moitas veces como referente, condiciona unha codificación do movemento ilustrado como proceso impulsado desde as instancias de poder, idea que se vincula co concepto de *despotismo ilustrado*. Este tipo de discurso coloca as políticas reais, en especial as de Carlos III e os seus ministros, como eixe do movemento cultural e da introdución de ideas e mudanzas.

Son varios os parámetros que na análise presentan unha relación (maior ou menor) con este modo de concibir a cultura ilustrada:

- O lugar que as institucións (culturais, *ilustradas*) ocupan na articulación do discurso sobre o período non é menor. Ao describir o acontecido nos campos culturais vaise focalizar a atención precisamente nas institucións como nucleadoras de procesos e de axentes, porque estas constitúen organismos situados na esfera da oficialidade e directa ou indirectamente vinculados a esas políticas reais (mesmo porque a súa creación pode ser resultado delas).

- Opérase cun concepto de institución que se corresponde cun organismo visíbel, con estrutura organizada, situado na esfera do público e, case sempre, do oficial; por

tanto, un tipo de organismo conectado coas dinámicas da Coroa e as súas políticas, e incluso situado con frecuencia baixo a súa xurisdición. Isto exclúe da análise institucional moitos procesos situados en fases non oficiais da vida das institucións. Por exemplo, pouco se atende a determinados procesos e debates acontecidos no Hospital Real de Santiago, relacionados coa ciencia experimental, ou ao faladoiro que existiu nesa institución arredor da figura de Páramo y Somoza; polo contrario, este último grupo e a súa actividade só se consideran nunha fase posterior, cando xa co referendo organizativo e da oficialidade, se constitúen en Real Sociedad Económica de Amigos del País de Santiago de Compostela.

Do mesmo xeito, tamén quedan escurecidos para a análise os procesos e os grupos de axentes ou relacións que se articulan na parte máis periférica de institucións oficiais, ou no nivel extra-oficial destes organismos: é o caso, por exemplo, do faladoiro da sala de libros prohibidos da Universidade de Santiago de Compostela, ou de moitos dos debates, promovidos por axentes periféricos, que se sucederon dentro desta institución a partir da segunda metade do século XVIII, en torno á introdución de novos contidos e enfoques na ensinanza. Estes procesos son estudados en obras que enfocan a Universidade de Santiago de forma particular, pero raramente se incorporan ao discurso de narrativa global sobre a cultura do período, a pesar de constituír a ciencia e o seu avance un dos elementos tradicionalmente considerados como integrantes do ideario ilustrado.

O peso conferido á institución como organismo nucleador de ideas e axentes, e mesmo de procesos, implica tamén que no estudo da cultura desta etapa determinados fenómenos, polémicas, etc. só son atendidos cando se visibilizan dentro dunha institución. Isto pode xerar unha distorsión, pois no estudo das tomas de posición de determinados axentes, ou na análise do curso de determinados acontecementos, é preciso ter en conta que o espazo de posíbeis en que eses axentes se moven dentro dunha institución pode variar moito en dependencia do grao de madurez e consolidación social que determinados debates e ideas alcanzaron previamente, e de se a súa incorporación ou non á *doxa* dominante é un feito consumado antes da súa introdución nas institucións oficiais, ou se se logra precisamente a partir desta.

b) O conxunto de elementos-forza que se considera articulan o ideario ilustrado, entre os que se atopan a preocupación pola educación, a potenciación do *útil*, a confianza na ciencia e no seu desenvolvemento como motor de progreso, a apelación ao ben ou felicidade pública, etc., constitúen tamén un cadro referencial que condiciona o estudo do período na medida en que determina os ámbitos onde se vai procurar a cultura *ilustrada*, estigmatizada como a cultura realmente significativa. Neste sentido, observamos que case todas as institucións culturais individualizadas neste período, ou están relacionadas dun modo ou doutro co ensino, ou se considera que contribuíron ao desenvolvemento científico/ á introdución de ideas relacionadas coa ciencia.

I.2. Institucións individualizadas pola historiografía. Tipo de estudos e enfoque

Aínda que a nómina de institucións culturais (frecuentemente coincidente coa de institucións ilustradas) pode sufrir lixeiras variacións, tradicionalmente o discurso historiográfico máis divulgativo reconece como tales neste período a Real Sociedad Económica de Amigos del País de Santiago de Compostela, o Real Consulado da Coruña e a Real Academia de Agricultura del Reino de Galicia. Estas institucións son aludidas en diversos tipos de estudo, centrados ou non de forma exclusiva nelas ou nalgún aspecto máis específico da súa actividade ou estrutura organizativa.

O problema máis importante que presentan os estudos sobre as institucións culturais deste período é o da súa fragmentación, que ten un carácter duplo:

1) Os traballos non conectan as institucións no cadro dunha análise máis xeral e integradora, simplemente presentan unha nómina ou caracterización individualizada dos organismos e, nalgún caso, establecen un vínculo entre eles baseándose no cotexo da presenza de axentes comúns. Consecuentemente, o estudo das relacións entre organismos nunca alcanza niveis de análise máis complexos ou de carácter autenticamente institucional, que transcendan a atención á traxectoria de determinados individuos.

2) Os estudos sobre unha única institución constitúen moitas veces contributos en si mesmos fragmentarizados: compilacións de artigos ou achegas que enfocan múltiples dimensións e niveis do organismo, escritos por diferentes autores (aínda que agrupados nun único volume) e con frecuencia resultado de conmemoracións, exposicións, etc. Este carácter fragmentario, evidénciese ou non dentro dunha única publicación, marca en definitiva a tónica xeral, dado que practicamente ningún destes organismos foi obxecto dunha análise integradora e sistemática do seu modo de organización e funcionamento, e da súa rede de integrantes e relacións.

Se o tipo de estudos existentes condiciona a aparición de determinados déficits no coñecemento das institucións culturais, na análise de que son obxecto detéctanse tamén certos elementos que introducen unha distorsión na apreensión fidedigna dos procesos que as afectan. Dous destes elementos son: o atribuído aos organismos como esperábel no nivel da súa actividade ou funcións, e a comparecencia na análise do criterio valorativo para cualificalas en termos de éxito ou fracaso.

a) O esperábel. A atribución de determinadas funcións ou roles esperábeis ás institucións culturais desta altura constitúe en ocasións un anacronismo que desvirtúa o coñecemento deses organismos. Isto sucede, por exemplo, coa Universidade de Santiago, á que algúns historiadores cualifican como contraria ao avance da ciencia, ancorada no pasado e nos sistemas escolásticos, razón pola que na maior parte dos casos non é aludida como institución *ilustrada*. Chegan incluso a considerar que este organismo constituíu un obstáculo para o desenvolvemento científico, e que o rol que non desempeñou a este respecto deberon asumilo outras institucións (como as Academias,

as Reales Sociedades, etc.) que, nalgúns casos, mesmo se considera que naceron para cubrir ese oco funcional⁴. Esta hipótese incorre no anacronismo de esperar dunha Universidade deste tipo a asunción do liderado no desenvolvemento científico, cando nesta altura só as Universidades alemás presentan un modelo de funcionamento en que se integra a investigación; no resto de modelos, a Universidade é unha institución basicamente docente. No caso específico da Universidade de Santiago, a súa función nesta altura correspóndese coa formación dos cadros intermedios da Igrexa; neste sentido, esperar dela o desenvolvemento do papel máis activo na innovación e práctica científica (ligadas inexorablemente á investigación) supón atribuírle uns obxectivos que non estaban nin no seu horizonte de posibilidades, nin no seu esquema funcional⁵.

b) A avaliación en termos de éxito ou fracaso. Con frecuencia os estudosos deste período consideran que a función das institucións se corresponde coa súa actividade; neste sentido, a institución realizaría socialmente a función que os seus obxectivos en termos de actividade enuncian. Non entraremos agora de forma exhaustiva na matización deste modo de concebir o plano funcional e o de actividade dun organismo como partes coherentes e estreitamente integradas; simplemente deixamos enunciado que entender *a priori* que o funcionamento dunha institución estará suxeito a este patrón organizativo racional pode ser un erro que exclúa da análise elementos fundamentais de maior complexidade. Pero partindo desa identificación, con moita frecuencia o papel desas institucións e o seu grao de suceso son avaliados polos obxectivos de actividade que declararon e o seu contraste cos resultados efectivos dos proxectos concretos que emprenderon ou que levaron a cabo. Isto supón non contemplar o posíbel éxito dunha institución e da súa función, logrado a pesar do aparente fracaso de parte das súas

⁴ Ilustran esta reflexión enunciacións como as dúas referidas a seguir. (1) «Parece que debían haber sido las Universidades las que promovieran los cambios, secundando las iniciativas de los Reyes. Y, sin embargo, fueron ellas bastiones de resistencia contra la modernidad. De ahí que la Ilustración española fuera, en definitiva, preponderadamente extrauniversitaria» (Vences Fernández, 1995). (2) «A universidade española estaba petrificada por regulamentacións antigas e sacralizadas para impedir calquera tentativa de cambio. Así mesmo, estaba controlada interiormente polos colexiais —onde había colexios maiores— ou por unha oligarquía, formada por cabidos e relixiosos onde non había colexios, e todos de acordo en pechar as portas aos manteístas, dos que podería chegar a modernidade e o cambio. A universidade era un mastodonte inmóvil, repetidora de saberes anticuados e sen interese ningún na súa renovación. Cambiar un libro de texto, xa non digamos introducir a ciencia experimental, provocaba fondas cavilacións e espasmos nos claustros universitarios españois. Nin a reforma de Fernando VI, na Universidade de Santiago de Compostela, nin as reformas posteriores de Campomanes no reinado de Carlos III [nota] capacitaron a universidade para liderar a renovación científica. Por iso foi necesario crear, fóra do recinto universitario, as novas institucións científicas educativas.[nota] Por todo o que antecede xa se comprende que a renovación intelectual da Ilustración non lles puido ser encomendada ás universidades, senón ás academias, aos institutos e, sobre todo, ás sociedades económicas de amigos do país.» (Barreiro Fernández, 2006: 25-26)

⁵ «Universities played a smaller role in European science during the eighteenth century than before or since. [...] However quickly the universities adapted to changing science, they were not expected to be at its forefront. A contrast often drawn in the eighteenth century was between scientific academies, expected to be scientifically innovative and research-oriented, and universities, whose main function was pedagogical.» (Burns, 2001: 281)

actividades concretas. Pero, ademais, esa avaliación do grao de suceso institucional por micro-proxectos aplícase sobre un período de tempo reducido e contemporáneo, obviando o feito de que moitos proxectos, aínda fracasando no horizonte máis inmediato, logran imprimir a dirección dun proceso que máis tarde se retoma ou reinicia, e que pode acabar coñecendo materializacións sólidas a longo prazo. En efecto, en moitos aspectos o século XIX (ou mesmo o XX) revélase como o momento de concreción de parte do proxecto ilustrado. En calquera caso, a valoración, dentro do estudo destas institucións, entendemos que debe alcanzar o grao de incidencia social dos organismos, o grao de permeabilidade a determinadas ideas que a súa existencia e/ ou funcionamento denotan, etc., pero non o nivel de éxito ou fracaso que alcanzaron, canto máis se temos en conta que este se avalía en grande medida por comparación con outros casos referenciais latentes.

II. PROPOSTAS PARA UNHA NOVA ABORDAXE

De forma sintética, algunhas das novas vías procedimentais que poderían abrirse para complementar e revisar o coñecemento existente sobre as institucións culturais galegas da segunda metade do s. XVIII, serían as esbozadas a seguir:

1) Unha das necesidades prioritarias é a de desactivar a equivalencia, latente en moitos dos estudos, entre cultura (significativa) e cultura *ilustrada*, o que supón desactivar tamén a presenza subxacente dun determinado modelo de Ilustración e abrir a análise a todos os elementos (e institucións) culturais do campo, integrando aqueles que quedaban apartados por non encaixar no ideario *innovador* que se presupón debe estar en desenvolvemento nesta altura. Ao desactivar esa identificación, e con ela a búsqueda de novos repertorios de cultura introducidos por vía das políticas reais, outra abordaxe debe ser modificada tamén: o concepto de institución con que se traballa. É aconsellábel estender a análise, acollendo nela o conxunto máis amplo de entidades (talvez non oficiais nin públicas) que caben dentro do concepto institución-no-campo-da-cultura. Quedarían contemplados así determinados organismos, agrupacións, etc. que poden amosar niveis de institucionalización máis ou menos débiles, ou que posúen un grao pouco elevado de estruturación ou esquematización organizacional, pero que son índices valiosos da existencia de certas dinámicas culturais e repertoriais.

2) Unha vez aberta a descrición e a análise ao conxunto do campo cultural (e de institucións do campo), será importante entender que os índices de *Ilustración*, de novidade, de mudanza, están nos repertorios, non na natureza ou carácter das institucións. Repertorios que son promovidos por axentes e grupos, que son motor de procesos,... A presenza destes repertorios ilustrados pode estar presente ou non nalgúns institucións dos campos culturais, nalgúns procesos constatábeis dentro das institucións (por exemplo, a adquisición de novas funcións,...), etc. Quizais resulte improdutivo o afán de etiquetar ou identificar institucións

ilustradas e axentes *ilustrados*. O que debe ser detectado son as ideas e repertorios adscritos ao proxecto ou movemento ilustrado, que poden ter como consecuencia a creación ou a reforma dunha institución. Por tanto, habería que mudar os elementos en que se centra a busca das pegadas do movemento cultural ilustrado e, neste sentido, constátase a necesidade de activar novos niveis de análise que estruturen a abordaxe.

A activación de novos niveis de análise

Para sumar ao estudo novos niveis intermedios onde determinados procesos e dinámicas que non estaban sendo contemplados poidan visibilizarse e integrar a rede de fenómenos susceptible de análise, son precisas certas pautas procedimentais como as seguintes:

a) Romper a tendencia a identificar o carácter das institucións cos posicionamentos defendidos polos grupos que ocupan posicións centrais na súa estrutura/ goberno. Hai institucións que non se contemplan na análise por estaren rexidas por sectores eclesiásticos tradicionalmente asociados a posturas conservadoras ou reticentes á introdución de novas ideas. Isto, ademais de evidenciar a incoherencia de non considerar máis que aquela cultura que se presupón innovadora, significa obviar o posicionamento e as accións de grupos máis periféricos dentro da institución, que poden defender posturas alternativas; a actividade deses outros axentes escaparía así ao estudo cultural do período. En consecuencia, desligar institución de grupo hexemónico permitiría introducir novos organismos na pesquisa e, dentro deles, multiplicar os niveis de análise: hai máis grupos a que mirar (os menos centrais) e máis procesos/ ideas/... onde profundar.

b) Considerar as institucións na dimensión dos seus procesos evolutivos: de adquisición ou perda de funcións, de mudanza na súa estrutura e organización, de alternancia nos grupos que asumen a centralidade, etc. É preciso quebrar a *ilusio biográfica* da institución e entendela como un organismo que non responde a un estatismo e coherencia absoluta e/ ou constante, senón que se trata dun corpo en conflito e evolución. Isto, en termos de análise, vén ratificar a necesidade de atender os procesos dentro das institucións, en lugar de catalogalas como innovadoras ou conservadoras, concibíndoas como un todo uniformizado. Os estadios evolutivos dunha institución, os seus procesos de mudanza de funcións, a tipoloxía de conflitos e polémicas que se detecten dentro dela, poden ser índices da circulación, introdución ou consolidación de novos repertorios. Así mesmo, cambios de dirección idéntica en máis dunha institución poden estar evidenciando a existencia de mudanzas sociais máis amplas. É o caso, por exemplo, da existencia de debates moi similares na Universidade e no Hospital Real de Santiago a finais do século XVIII, que coinciden co intento de reposicionamento de determinados grupos dentro destes organismos, coa promoción de novos repertorios científicos que os representan, e que materializan tamén o inicio dunha dirección lenta de relevo no control das institucións; estas pasarán de estar sometidas ao dominio eclesiástico a funcionar na esfera do novo Estado/ Coroa, á vez que os antigos roles seminarial e de asistencia caritativa (respectivamente) dan paso ás novas funcións de educación e asistencia laicas.

c) No caso do estudo das funcións institucionais, é preciso diferenciar este nivel do da actividade do organismo, pois non ten por que darse unha equivalencia en termos exactos, isto é, a función dunha institución pode ir máis aló do cometido material inmediato a que se dedica. Por outro lado, resulta fundamental non atribuírle a unha institución funcións ou obxectivos que non se corresponden coa súa realidade ou horizonte de posíbeis na altura, e que son resultado da colocación anacrónica de roles que eses organismos só adquiriron modernamente.

d) Contemplar as institucións en rede e de forma integrada, para poder visualizar que actividade e función vén cumprir cada unha, como se trasvasan capitais e como se trasvasan funcións, se muda a súa dependencia do poder (ou dun tipo de poder) en termos idénticos, etc.

e) Considerar o estudo das relacións entre as institucións como un capítulo fundamental para a súa comprensión, e non só no referente ás modulacións e trasvase de funcións, nin á presenza simultánea ou común de axentes. Este estudo debe ser emprendido desde unha esfera máis global e integradora, para detectar se as mudanzas se dan en máis dunha institución, se idénticos grupos sociais están consolidando a súa posición en varios organismos, etc., é dicir, se a transcendencia dos fenómenos que se observan é máis profunda e abrangente do que un estudo individualizado das institucións ou dos vínculos (máis que das relacións) destas pode facer supoñer.

f) Introducir a comparación como unha ferramenta de análise altamente produtiva, para cotexar procesos no nivel funcional, estrutural, de actividade, organizacional... Pero a aparición de casos ou elementos referenciais nun esquema comparativo non debe conducir o estudo á avaliación ponderativa, senón á descrición e á análise de fenómenos en paralelo.

Se ampliamos os obxectos de análise (abrimos o estudo a todos os elementos e institucións do campo), e os niveis de análise (atención ás periferias das institucións, atención ás funcións e relacións), temos unha panorámica máis nutrida e completa, que nos permite coñecer de forma máis fidedigna o campo e observar nel a incidencia (que non o éxito ou fracaso) do movemento ilustrado. Esta incidencia será avaliada agora en relación ás relacións e loitas que caracterizan o campo, aos obxectivos e funcións sincrónicas das institucións (analizando o grao de éxito en relación a cales eran os seus obxectivos e se os cumpren para o campo en que están inseridas), e non en relación a modelos foráneos, a resultados de microproxectos concretos de cada institución, ou a obxectivos e funcións que lle atribuímos desde o presente e que non eran os proxectados por elas nin os permitidos polo horizonte de posíbeis do seu campo. Só desde a visión integrada se pode apreciar a posición/ función relativa e ter unha perspectiva obxectiva de procesos e resultados.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

Bibliografía citada

- Barreiro Fernández, X. R. (2006). «As primeiras Sociedades Económicas de Amigos do País». In *Real Sociedade Económica de Amigos del País de Santiago de Compostela: 1784-2006*. [Santiago de Compostela]: Fundación Caixa Galicia, 23-33.
- Burns, W. E. (2001). *Science in Enlightenment: an encyclopedia*. Santa Barbara (California); Oxford: ABC-CLIO.
- Vences Fernández, S. (1995). *Vislumbres de utopía*. A Coruña: Universidade da Coruña, Servicio de Publicacións.

Bibliografía de referencia

- Barreiro Fernández, X. R. (1998). *Historia da Universidade de Santiago de Compostela*. Universidade de Santiago de Compostela. T. I. *Das orixes ó século XIX*.
- (1991 D.L.). *A Galicia do Antigo Réxime. Ensino, ilustración e política*. Vol. IV de F. Rodríguez Iglesias (ed.), *Galicia. Historia*. A Coruña: Hércules de Ediciones.
- Dopico, F. (1978). *A Ilustración e a sociedade galega. A visión de Galicia dos economistas ilustrados*. Vigo: Galaxia.
- Fraguas Fraguas, A. (1986). *Real Sociedad Económica de Amigos del País de Santiago: Primera Época 1784-1813-1821*. Santiago: Real Sociedad Económica de Amigos del País de Santiago.
- García Guerra, D. (1983). *El Hospital Real de Santiago (1499-1804)*. La Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- González López, E. (1977). *Bajo las luces de la Ilustración: Galicia en los reinados de Carlos III y Carlos IV*. Sada, La Coruña: Ediciones del Castro.
- Herr, R. (1971). *España y la revolución del siglo XVIII*. Madrid: Aguilar. (Ed. orixinal: (1960) *The eighteenth-century revolution in Spain*. Princeton University Press.)
- Maravall, J. A. (1990). *La cultura del Barroco*. Barcelona: Ariel. 1.^a ed. 1975.
- Rey Castela, O. (2003). «La cultura y sus expresiones en una ciudad clerical y universitaria». In Ermelindo Portela Silva (coord.), *Historia de la ciudad de Santiago de Compostela*. Santiago de Compostela: Concello de Santiago, Consorcio de Santiago, Universidade de Santiago de Compostela, 369-429.
- (2002). «Las bibliotecas institucionales del noroeste español: la biblioteca de la Universidad de Santiago», *Bulletin hispanique* 1, pp. 303-341.
- (1998 D.L.). *A Galicia clásica e barroca*. Vigo: Galaxia.
- Saavedra Fernández, P. (2007 D.L.). *A Galicia do Antigo Réxime (c.a. 1480-c.a. 1835): política e cultura*. A Coruña: La Voz de Galicia.
- Sánchez Rodríguez de Castro, M.^a del C. (1992). *El Real Consulado de La Coruña: impulsor de la Ilustración (1785-1833)*. Sada, A Coruña: Edición do Castro.
- Sarrailh, J. (1974). *La España ilustrada de la segunda mitad del siglo XVIII*. México: Fondo de Cultura Económica.
- Real Sociedade Económica de Amigos del País de Santiago de Compostela: 1784-2006*. (2006). [Santiago de Compostela]: Fundación Caixa Galicia.